Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O teléfono do Servizo de Atención e Información á Cidadanía na Xunta de Galicia (Teléfono 012), é un servizo integrado de xestión dotado dos compoñentes tecnolóxicos e dos servizos necesarios para facilitarlle á cidadanía as súas relacións coa Xunta de Galicia, así como a información e atención en diversas materias.

Aparte do teléfono de Información do 012, entre os servizos de contestación de chamadas telefónicas cubertos atópanse o Teléfono da Muller, a Liña de Axuda á Infancia, o Teléfono Social, etc.

O Servizo de información ás mulleres facilita información e orientación sobre os recursos existentes para cubrir inicialmente as distintas necesidades das mulleres galegas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia e informa ás mulleres nas áreas xurídica, de emprego, de recursos sociais e de atención psicolóxica. Este servizo colabora tamén a través do desenvolvemento das súas funcións na prevención, detección e intervención (traslado de vítimas, ingresos en) en situacións de posible risco, abuso e maltrato das mulleres.

A liña de axuda á infancia destínase a prestar atención profesional, gratuíta e confidencial aos nenos, nenas e adolescentes, así como a adultos en asuntos relacionados coa protección e defensa dos dereitos daqueles. O obxecto do servizo é proporcionar axuda aos nenos necesitados de coidados e protección, aos





que se lles subministrarán servizos e recursos tendentes a satisfacer as súas necesidades, e tamén proporcionarlles a oportunidade de que poidan expresar libremente as súas preocupacións, falar sobre problemas que lles afecten directamente e avisar aos corpos e forzas de seguridade ou aos equipos técnicos de menores para poder proporcionarlles axuda en caso de urxencia. Tamén se xestionan ingresos de menores en desproteccións e comunicación de situacións de urxencia.

O Teléfono Social, pola súa banda, facilita información e orientación dos recursos existentes para cubrir inicialmente as distintas necesidades dos colectivos de persoas dependentes, persoas maiores e persoas con discapacidade. É un servizo permanente as 24 horas do día, todos os días do ano, de carácter gratuíto. As prestacións básicas deste teléfono social son a atención personalizada, información e orientación sobre recursos sociais, intervencións en casos de risco de abandono ou de maltrato con derivación e canalización, se é o caso, aos servizos sociais correspondentes.

Para cada contacto recibido nos diferentes servizos, o persoal recolle e rexistra os datos relativos ás solicitudes de información, peticións e/ou incidencias, procesándoas e resolvéndolas en primeiro nivel ou iniciando as accións oportunas para a súa resolución definitiva.

No prego de condicións técnicas do Servizo especificase que o persoal seleccionado e asignado para a prestación dos distintos servizos deberá reunir as habilidades e coñecementos requiridos para o correcto desenvolvemento das funcións e tarefas asociadas e detalladas nas descrições dos distintos servizos telefónicos que se integran no 012.

Para labores de atención ao Teléfono da Muller, Teléfono Social e Liña de Axuda á Infancia, especificase no prego que será preciso o asesoramento





psicológico, xurídico e social, polo que, como mínimo, estes servizos integraranse por profesionais cos perfís de psicólogo/a e Traballador/a Social.

Actualmente, no Teléfono Social están contratadas para toda Galicia 8 persoas, todas elas mulleres, ás que se lles esixe ter os citados perfís profesionais para desempeñar a súa labor e sen embargo, non se lles recoñece esa categoría profesional, estando contratadas como técnicas cando as funcións que realizan requiren unha titulación, unha especialización e uns coñecementos concretos da temática e das persoas destinatarias, ao tratarse de colectivos vulnerables, feito que levou a que algunhas delas levaran a cuestión ante os tribunais, pois realizan funcións de asistencia e intervención que requiren uns coñecementos profesionais axeitados á titulación que ostentan, alén de recollese no prego de prescricións técnicas.

Existe unha clara diferenza entre o traballo realizado por estas profesionais e as “teleoperadoras especialistas” propiamente ditas, que se limitan a recoller os datos de quen chama para poñelos en coñecemento das persoas que forman o Equipo Técnico. O feito de que estas traballadoras teñan que cubrir fichas non é motivo para encadralas na categoría profesional de “teleoperadoras especialistas”, pois para poder cubrir esa documentación, precisan saber o que se debe preguntar e reflectir, coñecemento que proporciona a axeitada titulación profesional, que por outra parte, se lles esixe para acceder ao posto.

Estas traballadoras, que prestan os seus servizos atendendo o Teléfono Social, o Teléfono da Infancia, o Teléfono da Muller e o servizo de Dependencia e discapacidades, na categoría de “teleoperadora especialista”, teñen, entre outras funcións de Traballo Social, as seguintes:

- Información, asesoramento e orientación sobre recursos e prestacións relacionadas cos servizos sinalados.



- Tramitación das denuncias aos organismos correspondentes e seguimento das mesmas.
- Intervencións en situación de urxencia, solicitando se é preciso a intervención das forzas de seguridade do estado.
- Derivación aos demais recursos no caso de non poder solventar as cuestións prantexadas.
- Intermediación e coordinación cos diferentes equipos técnicos da Xunta para mellorar e optimizar a calidade das intervencións dentro dos servizos telefónicos.

O persoal deste servizo de contestación de chamadas telefónicas está contratado por diferentes empresas (UTE Centro de Atención de chamadas SA Contacnova SL....), con contratos a tempo parcial, de 30-35 horas semanais.

Dende o 1 de agosto de 2017 o prego de condicións atópase en período de prórroga, finalizando esta o 31 de xullo de 2019, polo quen ven acáído que, de cara á nova prórroga ou cambio, se lles recoñeza a súa categoría profesional.

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

- Ten pensado a Xunta recoñecer a categoría profesional acorde aos perfís esixidos no Servizo de Atención e Información á Cidadanía na Xunta de Galicia, en concreto, no Teléfono Social, e servizos de contestación de chamadas telefónicas?
- Ten coñecemento a Xunta de se o persoal do servizo de contestación de chamadas telefónicas percibe a mesma remuneración, esíxaselle ou non un perfil e titulación concreta?
- De ter coñecemento, terá en conta a Xunta a consideración da categoría profesional do persoal no novo contrato?





Santiago de Compostela, 21 de maio de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 21/05/2019 12:10:41

Paula Vázquez Verao na data 21/05/2019 12:10:50

Luis Villares Naveira na data 21/05/2019 12:10:54



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa á execución dos orzamentos de I+D+i

Segundo datos oficiais publicados pola Intervención Xeral do Estado, só se executaron 3.278 millóns dos 7.003 que o Goberno central dedicou á ciencia nos orzamentos de 2018. A execución foi de só o 46,8%, menos da metade. Trátase da segunda peor taxa de execución no que vai de século, só por detrás da do ano pasado, do 46,6%.

Lonxe queda xa a primeira década dos 2000, cando a taxa de execución en I+D+i era do 90%. No ano 2009 aínda se executou o 81,6% dos máis de 8.000 millóns de euros orzamentados para ese ano, pero, dende esa data, produciuse un descenso da execución que aínda continúa.

En realidade, estamos ante un dobre recorte. Temos, por unha banda, o recorte explícito, que consiste nunha caída do 30% dos orzamentos de I+D+i con respecto ás cifras de comezos dos anos 2000; e, por outra banda, está o recorte encuberto, que consiste nun descenso do 35% da taxa de execución.

A principal partida non executada, como tódolos anos precedentes, seguen sendo os fondos financeiros, na súa meirande parte préstamos e créditos. A taxa de execución desta partida foi do 19,7%, a cuarta parte da taxa do 2008. É por esa razón que, dende diversos frontes, se demanda que se deixen inflar os





orxamentos de ciencia con créditos que se sabe que non se van executar e se dediquen os cartos a outras áreas do I+D+I.

O descenso da execución das partidas estatais de I+D+i é grave no conxunto do Estado, pero é aínda peor en Galicia, dada a nosa maior debilidade no eido da investigación.

Na *Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2017* –última memoria publicada–, o Consello Económico e Social de Galicia advirte de que “nun contorno globalizado onde a intensidade e a velocidade de difusión do cambio tecnolóxico está xa condicionado a maneira de producir e consumir, é esencial complementar a preocupación polo nivel de gasto público en I+D+i cunha preocupación pola eficacia dese gasto”. Porén, as políticas da Xunta de Galicia avanza na dirección contraria. No ano 2016, o investimento galego en I+D medrou un 1,5%, o que situou o esforzo investidor, entendido como a relación entre o gasto nestas actividades e o PIB, no 0,86%. Desta maneira, a porcentaxe permanece por debaixo tanto da media estatal como da europea, sendo apenas a metade do obxectivo fixado no Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 para dentro de dous anos. O esforzo investidor palidece se o comparamos co de outras comunidades como Euskadi, que está no 1,89%.

A subida do gasto do 1,5% produciuse polo subida do 7% do investimento en I+D no sector empresarial, que supón un aumento de aproximadamente 15,6 millóns de euros. Isto maquilla (pero dende logo, non xustifica) a perda de case 15 millóns de euros na inversión realizada na ensinanza superior.

Así, o aumento do gasto non é suficiente para sanear a situación do investimento en I+D. No ano 2016 o gasto interno en I+D medrou 3,5 euros por habitante, chegando ao 185,7, cifra moi inferior aos 285,5 euros por habitante da media





estatal. Os datos son aínda máis escandalosos se o que temos en conta son os recursos investidos por investigador en I+D, que diminúen un 5,8%. Isto sitúa o gasto interno por investigador nos 87.140 euros, un investimento exíguo en comparación cos 104.710 da media estatal.

É urxente, polo tanto, que o Goberno do Estado entrante e a Xunta de Galicia adopten unha nova estratexia que permita financiar, dunha maneira sostida no tempo, a investigación galega.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Que avaliación fai a Xunta de Galicia do grado de execución do orzamento que o Goberno do Estado dedicou a ciencia no ano 2018?
- Que impacto tivo en Galicia a súa baixa execución?
- Que fixo o Goberno galego para paliala?

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 22/05/2019 11:35:59





María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 22/05/2019 11:36:15



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa ao retraso no pagamento das bolsas universitarias.

O obxectivo prioritario das bolsas que perciben os estudantes é garantir que todas as persoas teñan un acceso igualitario a unha educación de calidade con independencia de cal sexa a súa situación económica. A súa finalidade incúmprese, polo tanto, cando a dotación das axudas é insuficiente, pero tamén cando a súa lenta adxudicación obriga ás familias a realizar enormes anticipos que, en moitos casos, non poden asumir. Precisamente por isto, podemos dicir que as bolsas do Ministerio de Educación non están a cumprir o seu cometido.

Todos os anos, o Ministerio de Educación, retrasa os abono das bolsas de educación ata finais do curso. Este ano, os estudantes ingresaron os cartos íntegros a comezos de abril, cando xa estaban a preparar os exames finais, polo que as súas familias (as que puideron) non tiveron outra que pagar os gastos de matrícula, desprazamento e material de clase co diñeiro dos seus petos. En non poucas ocasións, isto empuxou ás familias a pedir créditos bancarios, cos conseguíntes gastos de apertura e intereses.

O razoable sería que os estudantes ingresaran o diñeiro das bolsas antes do nadal para facer fronte aos gastos normais do curso. Porén, os únicos cartos que se ingresaron antes de xaneiro –concretamente, o 13 de decembro– foron os correspondentes ás contías fixas das bolsas. Trala reforma do ministro Wert, de infausta lembranza, as bolsas contan dunha parte fixa, que corresponde ao pago





das taxas de matrícula, aos gastos de desprazamento e á contía ligada á renda, e doutra parte variable, que difire en función dos estudantes e que depende da nota do curso anterior e dos ingresos familiares. Así, o Ministerio de Educación incorre no paradoxo de deixar para o final o pago que ten por obxecto beneficiar ás persoas que proveñen de familias máis vulnerables, subvertendo, dese xeito, a finalidade última da axuda.

O retraso no pagamento ten, por suposto, causas políticas e responsables políticos. Dende que entrou en vigor a nefasta modificación de Wert, os pagos fóronse dilatando cada vez máis. Agora, o que cómpre, e reverter a situación ofrecendo algunha solución política e administrativa a un asunto que non só é prexudicial para os estudantes e as súas familias, senón que tamén afecta ás propias universidades, na medida na que atinxe ao pago das matrículas.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.^a) Que avaliación fai a Xunta de Galicia do retraso das bolsas do Ministerio de Educación?
- 2.^a) Que solucións ofrece ás familias e aos estudantes que non poden anticipar durante o curso o diñeiro da bolsa que percibirán ao final do ano lectivo?

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 22/05/2019 13:07:11

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 22/05/2019 13:07:29





Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa ao peche dunha unidade do CEIP Albeiros en Lugo.

Fai tempo que o Goberno da Xunta decidiu desmantelar a educación do noso país. O Partido Popular non quere unha cidadanía formada.

En xuño do 2017, o Goberno galego comunicou o peche dos centros de O Porriño, Ribadavia, As Pontes e Outes, confiando en que a calma chicha do verán ocultase a súa infame decisión. Non foi así. O conxunto da comunidade educativa opúxose á súa medida por considerala unha nova agresión á educación pública. Porén, isto non impediu que a Consellería de Educación, comandada por Román Rodríguez, fulminase finalmente os centros, estafando ás familias –que xa decidiran un lugar de estudo para os seus fillos– e vulnerando os dereitos laborais dos profesores –que non souberon ata o último momento que tiñan que cambiar de destino–.

A comezos do presente curso, o Partido Popular acometeu un novo recorte á educación pública, atacando ao eslavón máis feble da cadea: as escolas unitarias cuxo cometido é o de garantir unha formación próxima e de calidade aos rapaces e rapazas que habitan vilas baleiradas polo desleixo do Goberno.

Agora, son os nenos e nenas lucenses, e as súas familias, os que sofren os recortes da Xunta de Galicia. Once rapaces e rapazas non puideron acceder a unha praza no CEIP Albeiros porque o Goberno de Núñez Feijóo eliminou unha





das unidades de educación infantil das que dispoñía o centro, obrigando as familias da contorna a enviar aos rapaces e rapazas a outros colexios.

Os pais e nais dos nenos e nenas que foron excluídos malia vivir na contorna inmediata do CEIP xa se organizaron para protestar e esixir a rectificación do recorte. Nuns poucos días, a ANPA e a asociación veciñal reuniron máis de 600 firmas de apoio que lle van remitir á Consellería de Educación.

Os pais e nais advirten de que, se a Xunta de Galicia non adopta medidas de maneira urxente, manifestaranse para impedir que os seus fillos e fillas teñan que acudir a centros educativos máis afastados das súas casas. As familias non están dispostas a asumir os recortes de dereitos que lle quere impoñer o Goberno do Partido Popular.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.^a) Por que se recortou a unidade de Educación Infantil do CEIP Albeiros se, como agora se demostra, era necesaria para garantir os dereitos dos nenos e nenas da contorna e das súas familias?
- 2.^a) Que pensa facer a Xunta de Galicia para emendar o dano?
- 3.^a) Vai rectificar o recorte? Cando?

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea





Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 22/05/2019 17:15:38

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 22/05/2019 17:15:53





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

O Plan Reitor de Uso e Xestión das Illas Atlánticas prevé un cupo máximo de visitantes na Illa de Ons para evitar a masificación e as súas consecuencias negativas. Esta medida parece razoábel como criterio de protección do ecosistema e ten sentido para os visitantes da illa en xeral, mais non atende de maneira xusta a situación das persoas titulares de concesións, residentes na illa e as súas familias.

A Xunta de Galiza estableceu unhas condicións para o acceso á illa a residentes con vivendas en réxime de concesión e familiares ascendentes e descendentes (deixando fóra irmáns, sobriños e demais contorna familiar) que non é respectuosa coa identidade da poboación de Ons, cos seus dereitos históricos e con costumes establecidos ao longo do tempo. Diante desta situación, xerouse un movemento de protesta por parte da veciñanza de Ons, que conta co apoio unánime de toda a corporación municipal.

O pasado 7 de maio tivo lugar un pleno extraordinario da corporación que aprobou un acordo no que consideran que os criterios establecidos pola Xunta de Galiza supoñen unha decisión arbitraria e limitativa, que non aparece recollida no PRUX. Fronte a esta decisión, demandan o libre acceso á Illa tal e como se fixo sempre. Neste sentido a corporación reconece que foi a poboación de Ons a que construíu a cultura, a





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

identidade e a tradición da illa, e a garantía da súa preservación polo que se deben garantir os seus dereitos.

Por outra parte, o pleno do Concello solicita a creación e a convocatoria dunha comisión mixta coa participación da Xunta, Concello e veciñanza na que se analicen, estuden e consensúen as decisións a respecto da Illa de Ons. Nesta axenda de temas pendentes debe incluírse, ademais da solución ao problema do acceso creado pola Xunta, o dereito á propiedade por parte das persoas titulares de concesións, un plan de investimentos en materia de infraestruturas, as actuacións de rehabilitación de vivendas e espazos comúns, a mellora de servizos básicos como abastecemento de auga, enerxía e saneamento, ou a conservación e dinamización do patrimonio natural e cultural.

En lugar de abrir unha vía de diálogo coa corporación e a veciñanza, a consellaría de medio ambiente reaccionou anulando unha reunión con todos os grupos da corporación prevista para o pasado 15 de maio en Compostela.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Por que a Xunta de Galiza aprobou unhas normas de acceso a Ons por parte da veciñanza sen ter en conta os seus dereitos históricos e sen consultar ao concello de Bueu?
2. Ten previsto o goberno galego atender o acordo unánime da corporación de Bueu do pasado 7 de maio a respecto da illa de Ons?
3. Vai atender a Xunta de Galiza a petición de creación dunha comisión mixta para estudar e consensuar as actuacións e investimentos necesarios na illa de Ons?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Por que suspendeu a Directora Xeral de Patrimonio Natural a reunión prevista coa representación dos grupos da corporación?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 23/05/2019 12:27:09

María Montserrat Prado Cores na data 23/05/2019 12:27:16

Ana Pontón Mondelo na data 23/05/2019 12:27:17

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/05/2019 12:27:21





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 23/05/2019 12:27:31

Noa Presas Bergantiños na data 23/05/2019 12:27:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao anuncio da posibilidade de peche da Central Térmica das Pontes no ano 2030 e as actuacións que debe levar a cabo o goberno galego.

Un dos retos máis importantes que debe afrontar Galiza a nivel enerxético é o dunha descarbonización que sexa progresiva, planificada e que garanta tanto a suficiencia enerxética como o mantemento da actividade industrial nas comarcas produtoras. Neste escenario, a ausencia dunha política enerxética por parte da Xunta de Galiza sumado á lentitude e cambios de criterio dos sucesivos gobernos centrais, ten incrementado a incerteza respecto do calendario e orientación das actuacións da Central Térmica das Pontes.

Malia que esta central ten acometido diversos investimentos para prolongar a súa vida presuntamente até 2045 conforme os estándares europeos e internacionais, recentemente diferentes afirmacións de ENEL, principal accionista, teñen desmentido as afirmacións iniciais de ENDESA. Desta forma, no mes de maio de 2019 coñecemos que o grupo afirmou durante unha xunta xeral de accionistas que agás solicitalo o goberno por unha necesidade de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

subministro, as Pontes e Litoral, Almería, terían o seu peche fixado 15 anos antes, no 2030. O director executivo de ENEL, Francesco Starate, deu estas explicacións, diferentes ás que tiña comunicado a propia ENDESA.

Esta situación merece a valoración e actuación do goberno galego pola súa afectación á planificación enerxética galega e polas súas consecuencias na zona das Pontes, xa castigada polos incumprimentos do Partido Popular e do Partido Socialista respecto dos sucesivos plans do carbón.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Como valora o goberno galego a situación da Central Térmica das Pontes e a posibilidade dun peche no ano 2030?

-Tense dirixido o goberno galego a ENEL ou ENDESA para falar sobre esta cuestión?

-Tense dirixido o goberno galego ao goberno central para coñecer a previsión de necesidades enerxéticas nos próximos 10 anos?

-Ten elaborado ou vai elaborar o goberno galego unha proposta propia de transición enerxética e descabornización?

-Ten avaliado o goberno galego a necesidade de constituír un foro de traballo galego para unha planificación propia contando cos axentes





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

empresariais, sociais e políticos necesarios para facer deste momento unha oportunidade?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 23/05/2019 12:50:11

María Montserrat Prado Cores na data 23/05/2019 12:50:15

Ana Pontón Mondelo na data 23/05/2019 12:50:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/05/2019 12:50:18

Olalla Rodil Fernández na data 23/05/2019 12:50:19

Xosé Luis Bará Torres na data 23/05/2019 12:50:21



Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A política de vivenda da Xunta de Galicia é, ano tras ano, unha das que peores índices de execución dos orzamentos amosa.

En canto ao programa de acceso á vivenda non só se orzamenta unha sexta parte do que hai 10 anos, senón que entre os anos 2009 a 2018, foron 368 os millóns que se deixaron de executar.

Isto é o equivalente á construción dunhas 3.500 vivendas, o que suporía duplicar o parque de vivendas públicas en Galicia.

Mentres este desleixo en materia de política de vivenda segue a ser consentido pola Xunta de Galicia, son moitas galegas e moitos galegos os que seguen agardando para acceder a unha vivenda a prezos asumibles.

A comarca do Morrazo é unha das áreas xeográficas de Galicia que precisa de atención urxente en materia de vivenda.

Neste momento son 171 as persoas demandantes de vivenda na comarca, datos que figuran no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda de Galicia.

Isto significa que, segundo a media de residentes por vivenda de Galicia, de 3 persoas, preto de 513 veciños e veciñas do Morrazo precisan dunha solución para poder acceder a unha vivenda con prezos asumibles.

Temos que salientar a realidade específica desta área. Por un lado, a loita continua e diaria contra a marcha de poboación, e especialmente da xuventude, pola falla de recursos e servizos como o de transporte, o sanitario, de educación infantil ou centros de día e da terceira idade, imprescindibles para asentarse no territorio. E, por outro lado, polo seu marcado carácter de área turística, o que lle afecta especialmente polo crecente mercado de aluguer de vivendas para o uso vacacional, e a conseguinte escaseza de vivendas dispoñibles para o aluguer de longa duración.



Un dos concellos máis afectados é o de Cangas do Morrazo. Alí son 71 os demandantes actualmente rexistrados, 60 deles peticionarios en modalidade de alugueiro. Isto convérteo no quinto concello da provincia en canto a demandantes de vivenda, sendo 213 as persoas residentes deste concello que están á espera dunha solución para poder acceder a unha vivenda a un prezo asumible, xa sexa en modalidade de alugueiro ou compra.

A implicación da Xunta de Galicia neste senso ten que ser total. Non pode ser que unha competencia que é autonómica se abandone ata a inacción máis absoluta. As últimas vivendas adxudicadas neste concello foron en 2017, e tratábase de dúas vivendas xa usadas que foron liberadas polos adxudicatarios anteriores. Dúas vivendas para 30 demandantes. Hoxe o número aumentou en máis do dobre.

Non obstante, esta situación que se dá no Morrazo non é única, estase a dar en toda Galicia. Os datos que se reflicten anualmente sobre o número de demandantes, e actualizados a 3 de maio de 2018 era de 11.801 demandantes, a maior parte deles, un 75 % son solicitantes en réxime de alugueiro, un 15 % destes con opción a compra. A 7 de maio de 2019 sitúase xa en 13.468, isto é, medra a un ritmo de case 5 demandantes novos ó día.

A este incremento da demanda parece non acompañarlle a oferta de vivenda pública, así como a construción de vivendas de promoción pública, que ten baixado notablemente nos últimos anos en Galicia.

É máis, no pasado ano, dos 7 millóns previstos para construción de vivendas públicas en Galicia, tan só se executaron 1,35 millóns. Uns resultados que son inexplicables, máxime cando o pasado ano o Parlamento asumiu de modo unánime unha resolución presentada polo Grupo Socialista na que se esixía duplicar o parque de vivendas públicas en Galicia.

A maiores, as poucas vivendas en trámites de proxecto ou proceso de construción ou rehabilitación en Galicia para uso como vivendas sociais, en ningún caso parecen contemplar accións na área do Morrazo.

Por todo o exposto, pola preocupación polo déficit de investimento e de cumprimento dos acordos en materia de vivenda, así como polo desleixo que está a sufrir un concello como o de Cangas do Morrazo, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª. Cal foi o último ano no que se cualificaron vivendas en Cangas do Morrazo?
En que número?



2ª. Cal é o número total de vivendas de promoción pública que existe actualmente en Cangas do Morrazo?

3ª. Cales son as previsións do Goberno galego para a posta a disposición de novas vivendas de promoción pública en Cangas do Morrazo durante o ano 2019?

4ª. Como cualifican que sexan ao redor de 213 as persoas que neste concello dependen da adxudicación dunha vivenda en réxime de alugueiro ou propiedade para poder ter acceso a ela con prezos asumibles?

Pazo do Parlamento, 23 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 23/05/2019 12:58:26

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/05/2019 12:58:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

A recollida, xestión e tratamento dos residuos sólidos urbanos é unha materia central para construír sociedades máis sustentábeis e loitar eficazmente contra a emerxencia climática. No noso contexto existe normativa de ámbito europeo, estatal e galego que establece o marco para a xestión destes residuos e fixa a planificación con medidas e obxectivos temporais concretos para cada tipo de residuo. Trátase da Directiva Marco de Residuos de 2008, da Directiva Europea de Residuos (actualización de 2015 e seguintes, paquete de medidas de Economía Circular), da Lei 22/2011 de residuos e solos contaminados, o Plan Estatal Marco de Xestión de Residuos 2016-2022 (PEMAR) e o Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia (PXRSUG) na súa versión inicial e na actualización de 2016.

A realidade é que se trata dunha normativa cambiante, en constante evolución na dirección de establecer obxectivos máis esixentes, especialmente no que ten a ver coa fracción maioritaria dos RSU, os residuos orgánicos ou biorresiduos, que supoñen aproximadamente o 50%.

O artigo 24 da lei 22/2011 de residuos e solos contaminados establece que os plans autonómicos deben incluír medidas para a recollida separada dos biorresiduos e o seu tratamento posterior, a compostaxe doméstica e o uso de compost producido a partir





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de biorresiduos. Na actualidade está en tramitación unha revisión deste artigo, que no borrador establece o seguinte:

- Obriga da recollida separada dos biorresiduos para destinalos á compostaxe ou á dixestión anaerobia.
- Garantir que o tratamento de biorresiduos recollidos separadamente se realice através de compostaxe doméstica ou comunitaria, ou en instalacións específicas.

Pola súa parte o PEMAR establece que as comunidades autónomas deberán revisar os seus plans para adaptar a súa estrutura, obxectivos e período de vixencia e avaliación, así como especificar como se enfoca a xestión dos biorresiduos neses plans conforme o establecido no PEMAR. O obxectivo é que antes de 2020 a cantidade de residuos domésticos e comerciais destinados á preparación para a reutilización e o reciclado (papel, vidro, metais, plástico, biorresiduos e outras fraccións reciclabeis deberá alcanzar como mínimo en conxunto o 50% ao peso.

A Xunta de Galiza revisou en 2016 o PXRSU para adaptalo ao PEMAR e nesta revisión fíxanse os seguintes obxectivos a respecto da compostaxe:

- Tratamento de 245.000 tn. de biorresiduos para compostaxe
- Ademais das plantas xa existentes (Nostián, Lousame e O Morrazo), construción dunha nova planta de Cerceda e 10 plantas de ámbito local/comarcal.
- Creación doutras infraestruturas: microplantas, autocompostaxe e compostaxe comunitaria.

Ademais de cumprir estritamente a xerarquía de residuos, a compostaxe dos biorresiduos axústase aos principios de autosuficiencia e proximidade, ademais da corresponsabilidade, que deben orientar unha xestión sustentábel dos RSU. E fica claro





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que non se poden cumprir os obxectivos marcados na normativa europea e estatal se non se potencia o tratamento dos biorresiduos para a compostaxe.

Neste sentido, por parte do goberno do Estado impulsáronse experiencias piloto de fomento da compostaxe que inclúen a xestión mediante instalacións comunitarias, ademais da compostaxe doméstica. Tamén a Deputación de Pontevedra promove o Plan Revitaliza, que contempla a compostaxe doméstica, comunitaria e en planta. E a propia Xunta de Galiza no PXRSU contempla uns obxectivos de compostaxe que non se están a cumprir porque na práctica a administración galega vai en dirección contraria cos macrocontratos para a ampliación da capacidade da planta de SOGAMA.

A compostaxe comunitaria é unha vía imparábel e de futuro, polo que debe ser promovida polas administracións. E a Xunta de Galiza debe liderar este proceso, procurando un gran acordo a este respecto coas entidades locais e todos os axentes sociais. Lamentábelmente, o anteproxecto de lei de residuos actualmente en tramitación non dá unha resposta acaída para este importante desafío da nosa sociedade. Mais aínda estamos a tempo de corrixir o rumbo e situarnos á cabeza de Europa con solucións avanzadas, eficaces e respectuosas co medio.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Como prevé a Xunta de Galiza cumprir o obxectivo de que antes de 2020 a cantidade de residuos domésticos e comerciais destinados á preparación para a reutilización e o reciclado (papel, vidro, metais, plástico, biorresiduos e outras fraccións reciclabeis) alcance como mínimo en conxunto o 50% ao peso?
2. Vai promover o goberno galego un gran acordo sobre o tratamento dos residuos urbanos e nomeadamente para o fomento da compostaxe dos biorresiduos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Que medidas prevé desenvolver a Xunta de Galiza para o fomento da compostaxe doméstica e comunitaria?
4. Comparte o goberno galego a oposición á compostaxe comunitaria por parte de dirixentes locais do PP?
5. Como prevé cumprir o obxectivos sobre compostaxe recollidos na revisión de 2016 do PXRSU de Galicia?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 23/05/2019 13:07:43

María Montserrat Prado Cores na data 23/05/2019 13:07:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 23/05/2019 13:07:50

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/05/2019 13:07:52

Olalla Rodil Fernández na data 23/05/2019 13:07:54

Noa Presas Bergantiños na data 23/05/2019 13:07:55



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O 3 de marzo de 2017 aprobouse en Portugal unha lei que obriga a ofrecer polo menos unha opción vexetariana en tódolos comedores públicos das escolas, universidades, hospitais, edificios administrativos e servicios sociais do país. Os pratos aportan tódolos nutrientes necesarios e non supoñen un custe engadido para as arcas públicas porque as comidas vexetarianas son máis baratas.

Recentemente, a Fundación Franz Weber e a Asociación Animalista Libera solicitaron ao Goberno da Xunta que fixera algo análogo na nosa comunidade, incorporando opcións vexetarianas nos menús dos colexios públicos e concertados de Galicia. Alegaron que “os poderes públicos deben garantir que un neno, polo mero feito de ser vexetariano, poida alimentarse no comedor do seu colexio cunha opción nutricionalmente segura e adaptada ás súas necesidades”.

A Consellería de Educación respondeu á solicitude dicindo que o decreto que regula os comedores escolares establece que “o menú será único para tódolos usuarios do comedor escolar, agás nos casos de alumnos que padezan calquera tipo de intolerancia ou alerxia alimentaria, xustificada mediante certificado médico”. A Consellería subliñou, así mesmo, que “os centros escolares non teñen ningunha obriga de ofrecer un menú alternativo a non ser que sexa baixo prescrición médica” e que o actual menú “garante non só a igualdade no colexio, senón a igualdade entre todos os centros educativos de Galicia, con





independencia da súa localización xeográfica e circunstancias socio-económicas”.

Ante isto, cómpre dicir que a opción vexetariana podería implantarse no menú escolar sen que vulnerase o principio de igualdade de trato a tódolos alumnos e alumnas, xa que tódolos estudantes terían a opción de escollelo ou non. Proba de que isto é así é o menú vexetal escolar que xa existe en Euskadi.

Así as cousas, a Consellería de Educación e o Goberno da Xunta farían ben en repensar a cuestión. Negarse a adoptar menús vexetarianos, saudables e económicos, só serviría para que moitos nenos e nenas non puideran comer nos colexios co resto dos seus compañeiros e compañeiras.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.^a) Por que o Goberno da Xunta se nega a que se ofrezan menús vexetarianos, saudables e económicos, nos colexios galegos?
- 2.^a) Pensa que Portugal e Euskadi están poñendo en risco a saúde dos seus estudantes ao ofrecerlles opcións vexetarianas?
- 3.^a) En que medida ofrecer unha opción máis a tódolos alumnos é discriminatorio?
- 4.^a) En que medida Portugal e Euskadi discriminan a certos alumnos por ofertar pratos vexetarianos nos menús?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda
Luca Chao Pérez





Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 23/05/2019 16:45:21

Luca Chao Pérez na data 23/05/2019 16:45:36



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A Xunta de Galicia non só non é quen de protexer o noso patrimonio cultural, senón que, ademais, é a responsable activa dalgúns importantes prexuízos.

No mes de febreiro, o colectivo Patrimonio dos Ancares denunciou os danos que sufriran nove mámoas que se atopan entre o Alto do Restelo e Louxas. Meses antes, en agosto, o mesmo colectivo xa advertira dos prexuízos causado a unha necrópole megalítica da zona de A Gándara de Espiñeira, na parroquia de Narla. En ambos casos, os danos foran causados pola actividade descontrolada de maquinaria pesada.

Algo semellante volveu acontecer recentemente, co agravante da participación do Goberno galego. A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (Adega) e Mariña Patrimonio (MP) veñen de denunciar ante o Servizo de Protección da Natureza (Seprona) á Xunta de Galicia por danar un petróglifo de Chao de Sinás, na Serra do Xistral. A Xunta de Galicia danou o petróglifo ao queimar unha zona arqueolóxica, catalogada e, presuntamente, protexida polo Goberno, para desfacerse do mato.

Segundo afirman as asociacións denunciantes, nin “o paso dun tractor con desbrozadora de cadeas para controlar o lume” nin a queima contaban “coa preceptiva autorización da Consellería”. Dito doutro xeito, o Goberno galego





vulnerou os seus propios mecanismos de control e seguridade, provocando un dano tremendo que puido ser evitado.

Que a Xunta de Núñez Feijóo non sexa quen de protexer os bens patrimoniais que se atopan na natureza, tal e como demostran os casos citados, é dunha inmensa gravidade; pero é aínda máis preocupante que sexa o propio Goberno o que, por desleixo, dane o noso patrimonio.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.^a) Como é posible que o propio Goberno galego danase unha zona arqueolóxica catalogada e presuntamente protexida pola propia Xunta?
- 2.^a) Que vai facer o Goberno para garantir que algo semellante non volva acontecer?
- 3.^a) Cantos e cal son os bens patrimoniais que sufriron algún dano durante a presente lexislatura por mor da actividade de maquinaria pesada ou polo efecto das queimas?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 23/05/2019 17:29:15

Luca Chao Pérez na data 23/05/2019 17:29:27





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 41474**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona María de los Ángeles Cuña Bóveda e dona Luca Chao Pérez, sobre **“as previsións do Goberno galego referidas ao mantemento do funcionamento da escola unitaria de Carnoedo, no concello de Sada, ou, se é o caso, as razóns para o seu peche”**, (publicada no BOPG número 398 do 14 de decembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

